

PROXECTO LECTOR DE CENTRO



CEIP CABANAS

SALCEDO - PONTEVEDRA



DECEMBRO 2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 28 XANEIRO 2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 28 XANEIRO 2020

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:



TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS	5
3. A BIBLIOTECA ESCOLAR. ANÁLISE DA SITUACIÓN	6
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN	9
5. AVALIACIÓN	20

1. INTRODUCCIÓN

O último Proxecto Lector de Centro databa do curso 2014 – 2015, polo que consideramos necesario realizar un novo Proxecto Lector de Centro, que nos sirva de referencia a toda a comunidade escolar, xa que se trata dun **documento a medio prazo** que se incorpora ao Proxecto Educativo do centro, e debe ser punto de referencia do Plan Anual de Lectura que se incorporará cada ano á Programación Xeral Anual.

Temos en consideración o seguinte marco legislativo:

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións do 1 de setembro de 2014, da dirección xeral de centros e recursos humanos, en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2014/2015.

O Plan Lector precisa de certos requisitos que debe cumprir sempre:

- No deseño e desenvolvemento do Proxecto Lector **participará todo o profesorado das distintas áreas e ciclos**. As actividades previstas anualmente integráranse nas diversas programacións.
- A coordinación corresponderá, preferentemente, ao equipo dinamizador da biblioteca escolar.
- Afectará a **todos os niveis de ensino do centro**.
- A **biblioteca escolar** é o recurso fundamental para a posta en marcha do Proxecto lector, entendemola como banco de recursos de todo tipo e en diferentes soportes.
- As bibliotecas de aula entenderanse como **seccións** da biblioteca do centro, e servirán de apoio ao Proxecto lector.
- Aproveitaranse outros **recursos culturais do entorno** (bibliotecas familiares, públicas, outras infraestruturas culturais).

- O Proxecto Lector de centro axuda á sistematización das actividades a prol da lectura.
- O Proxecto lector traballará en prol da Igualdade en tódolos seus aspectos.

2. OBXECTIVOS

Entendemos o Proxecto Lector como un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Tendo como referente a Biblioteca escolar pero levándose a cabo en todos os recunchos do centro e en todos os momentos da xornada, tanto escolar como extraescolar, tanto como parte do currículo oficial como tamén dentro do currículo oculto de cada un dos nosos alumnos e alumnas. Procurando unha boa adquisición das sete competencias clave, especialmente:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Polo tanto os obxectivos do mesmo serán os seguintes:

- Fomentar o hábito da lectura e fomentar nos alumnos e alumnas o interese pola lectura, como actividade de lecer e como fonte de información.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas, sobre todo desenvolver a competencia lectora e competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- Trasladar ó ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura.
- Utilizar medios informáticos e audiovisuais como apoio, mellora e consulta da lectura.
- Fomentar o hábito da lectura, utilizando os libros informativos, Internet, documentais e audiovisuais como fontes complementarias de información e formación.

3. A BIBLIOTECA ESCOLAR. ANÁLISE DA SITUACIÓN

A NOSA BIBLIOTECA: PATATECA

Consideramos a biblioteca como protagonista esencial do Proxecto Lector de centro, funcionando como centro de recursos de todo o centro coa finalidade de conseguir os obxectivos tanto pedagóxicos de consecución do competencia lingüística e habilidades no uso da información, a alfabetización múltiple, como a adquisición e consolidación do hábito de lectura.

Require polo tanto dun gran esforzo de recursos de todo tipo (tanto económicos como humanos) o conseguir que a Biblioteca do centro sexa unha Biblioteca activa, para o cal se está a traballar nos derradeiros anos ao incorporarse ao PLAMBE.

É fundamental que o equipo dinamizador da biblioteca coordine e apoie todas as actuacións a levar a cabo no Proxecto lector, concretándoas anualmente nun plan de traballo, cara a conseguir os obxectivos anteriormente mencionados. O equipo de biblioteca terá un “rol de promotores culturais” sobre todo na creación e dinamización de ambientes lectores.

Pero tamén é preciso unha coordinación entre o equipo de biblioteca e de tódolos outros equipos, como o ENDL, TICS ou actividades complementarias ou extraescolares e o Equipo Escolas UNESCO, á hora de programar as actividades e levar a cabo tódalas actuacións previstas.

A biblioteca escolar permanecerá aberta o máximo tempo posible dentro e fora do horario escolar, tendo en conta a organización de centro para cada curso escolar. A biblioteca debe ser un elemento importante para eliminar desigualdades entre o alumnado.

Análise da situación da lectura e da escritura no centro

Trátase de facer unha valoración das prácticas lectoras e escritoras do alumnado e dos resultados acadados nas probas de avaliación diagnóstica no ámbito lector. Identificación de logros e dificultades e análise das metodoloxías empregadas , así como de recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos e das necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

Todo esto coa finalidade de continuar con todas aquelas prácticas, que se consideren funcionan adecuadamente e mellorar todos os aspectos que sexa necesario.

Deste modo podemos concretar que a biblioteca do Ceip de Cabanas dispón de boas condicións:

- O espazo físico, aínda que non moi grande ten moi boa situación dentro do centro, é accesible a minusválidos, é un espazo cálido e luminoso e acolledor.
- Están habilitados diferentes espazos, tanto formais como recunchos mais informais de lectura, postos de xestión , postos informáticos para usuarios con conexión a internet, zona de materiais audiovisuais, zona de xogos manipulativos.
- Fora do propio recinto da biblioteca existe outro espacio “BIBLIOXOGOS”, no que durante os tempos de recreo, o alumnado ten á súa disposición xogos de mesa, construción e artísticos, que fomentan a Igualdade.
- O mobiliario é axeitado e suficiente para as necesidades da biblioteca.
- Cada grupo-clase ten determinado un horario semanal para uso da biblioteca. Permanece aberta nos recreos, nas tardes que o centro está aberto por actividades extraescolares e outras horas do período lectivo nas que hai dispoñibilidade horario por parte do profesorado pertencente ao equipo de biblioteca.
- Os fondos, aínda que mellorables tanto en cantidade como en calidade, son de niveis e temáticas variados, completándose non so con libros senon con materiais con outro tipo de soportes, DVDs, etc. Tódolos fondos da biblioteca escolar están rexistrados pero non os existentes en outros espazos do centro, como as bibliotecas de aula.
- Dispomos dous equipos informáticos de xestión de vado recentemente, cos que se realiza actividades como rexistro de fondos, catalogación, clasificación e colocación divulgación.
- Tamén dispón de 5 tablets a disposición de profesorado e alumnado para usar dentro ou fora da biblioteca.
- A biblioteca é o eixo conductor e dinamizador da maioría das actividades complementarias e de fomento das competencias clave levadas a cabo no centro escolar.

- A biblioteca está aberta o tódolos membros da comunidade educativa, alumnos, profesores, familias, si ben é certo que o uso maioritario é de préstamo, realizado polo profesorado titor.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

A. **Formación de lectores competentes** para o cal o alumnado debe manifestar unha serie de habilidades:

- Empregan os **coñecementos previos** para darlle sentido á lectura
- **Dirixen de xeito autónomo a súa lectura**: atención, consciencia sobre a comprensión, corrección dos erros...
- **Empregan estratexias para acadar a comprensión**: revisión, insistencia...
- **Distinguen o importante** do que non o é en función da finalidade da lectura
- **Resumen** o lido como estratexia de comprensión
- Realizan **inferencias**: comprensión de termos polo contexto
- Realizan **preguntas** sobre o lido

Polo que as actividades de lectura deben ter en conta certo traballo anterior e posterior á mesma:

ANTES DA LECTURA.

- Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.
- Establecer predicións sobre o texto.
- Fomentar as preguntas sobre o texto.

DURANTE A LECTURA

- Actividades que favorecen o acceso á comprensión:
 - Ter en conta o proceso da lectura, facerse conscientes del, guialo
 - Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva
 - Lectura exemplificadora do profesor

- En actividades de lectura compartida:
 - Formular prediccions sobre o texto que se está a ler.
 - Facerse preguntas sobre o que se leu.
 - Aclarar posibles dúbidas acerca do texto.
 - Resumir ideas do texto.
- Prácticas de lectura independente:
 - Textos con erros, para identificar
 - Textos con lagoas para completar
 - Textos con frases “pirata”
 - Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios

DESPOIS DE LER

- Idea principal
- Elaboración de resumes
- Formulación de preguntas
 - Ensinar a formular e responder preguntas sobre un texto é unha estratexia esencial para unha lectura activa.
 - Preguntas de resposta literal.
 - Preguntas “para pensar”. O lector deberá relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta.
 - Preguntas de elaboración persoal. Esixen a asociación co que se sabe, se pensa ou se ten experimentado.
- Actividades que fomentan a creatividade e o pensamento diverxente

- Actividades que forman lectores críticos. Intercambio de ideas e debates sobre libros lidos ou sobre películas baseadas en libros
- Actividades que desenvolven a afectividade
 - **Formación da competencia lectora:**
 - Aprendizaxe dos códigos: escritos, visuais, sonoros, cinematográficos...
 - Traballo con distintos tipos de textos: narracións, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografía, pintura, gráficos, textos informativos, esquemáticos, publicitarios, xornalísticos...
 - Integración das TIC e prácticas lectoras en todos os soportes en situacións contextualizadas.
 - Aprendizaxe de estratexias de comprensión lectora
- **Formación da competencia literaria:**
 - Ler literatura polo pracer de ler , apreciando a lectura como actividade de ocio.
 - Ler literatura para realizar determinadas tarefas, con obxectivos curriculares.
 - Uso de textos diversos (contido, xénero e complexidade).

B. Proxecto documental integrado.

Cada ano a biblioteca levará a cabo un PDI. Trátase dun Proxecto interdisciplinar no que se inclúen actividades de fomento da lectura, busca documental e traballo curricular, emprégandose fontes documentais diversas de carácter oral, ou en soporte impreso e electrónico.

Estimula a produción de información en soportes diversos.

Concretarase anualmente dentro do Plan Anual de Lectura e dentro da PXA, a acción concreta a desenvolver, tendo en conta como temática por un lado a participación

do centro no Salón do Libro infantil e xuvenil de Pontevedra; e por outro a temática proposta pola Rede de Escolas Unesco á cal pertence este centro.

Dependendo da profundidade de tratamento, e a extensión dos contidos traballados, poderá ter unha duración variable, dun trimestre ou todo un curso escolar. Fomentarase a participación tanto de tódalas áreas curriculares como das diferentes etapas e niveis educativos existentes no centro.

C. *Préstamo de libros*

Cada titoría, tanto de E. Infantil como de E. Primaria, terán unha hora semanal asignada para realizar, na biblioteca, o préstamo e devolución de libros. Será xestionada polos titores.

D. *Itinerarios lectores.*

Tratarase de realizar Itinerarios lectores seleccionando títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función de obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro .

Nos itinerarios lectores procuramos títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro.

Tendo ademais en conta as listas de recomendacións da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia. Son os libros “*que non queremos que se perda o noso alumnado*”. O listado pode ser aberto e flexible, cunha duración de máis dun ano.

Esta actividade realizarase durante todo o curso escolar coa colaboración de todos os titores e titoras.

Todo o alumnado terá que:

- Ler cada curso a lo menos un libro en castellan e outro en galego (entre os sinalados no itinerario de cada nivel).
- Traballar sobre unha obra poética dentro do grupo-clase.

Os textos de literature galega e castellan serán levados en préstamo á casa co límite de tempo que o profesorado titor considere oportuno.

Os libros de poesía son para traballar en aula, dedicándolles na hora de ler a lo menos unha sesión ao mes.

Cada titor/a de cada nivel decide o xeito de revisar ou rexistrar a lectura dos diferentes textos.

Os libros formarán parte da biblioteca de aula e serán repartidos ao inicio de curso dende a biblioteca de centro Segundo os criterios previamente establecidos.

Ao final de curso serán devoltos á biblioteca.

Temos en conta certas características que deben de ter os textos seleccionados:

Para E. Infantil:

- ✓ Un deseño motivador
- ✓ Letras grandes relacionadas coas ilustracións.
- ✓ Ilustracións atractivas.
- ✓ Contido valioso e de calidade e de actualidade
- ✓ Que respondan ao contexto próximo dos nenos/as
- ✓ Que respondan aos intereses e expectativas do alumnado.
- ✓ Que permitan ao alumnado facer observacións sobre o texto.
- ✓ Con temas de ficción, fantasía e imaxinación. Textos de información real que aborden diferentes temas de interese: pranta, animais, etc...

Para E. Primaria:

- ✓ Os libros para lectores principiantes deben de ser atractivos para que favorezan a lectura. Progresivamente ao nivel lector irán aumentando a dificultade, o número de páxinas e disminuindo as ilustracións.
- ✓ Os textos deben de ser variados en canto a formato, temática e responder a intereses de acordo a idade e nivel.

Os textos seleccionados no curso 2019-2020 son os seguintes:

1º	TITULO	AUTOR	EDITORIAL
	AS 4 ESTACIÓNS	ANTONIO GARCÍA TEJEIRO	GALAXIA
	A ÁRBORE DA ESCOLA	ANTONIO SANDOVAL	KALANDRAKA
	ADIVIÑAS MOSTRUOSAS	GLORIA SANCHEZ	TURAM
	QUEN ME QUERE ADOPTAR	FINA CASALDERREY	MERLÍN

2º	TITULO	AUTOR	EDITORIAL
	ADIOS RIOS, ADIOS FONTES	ROSALIA DE CASTRO	BAÍA
	DEZ PIRATAS	GLORIA SANCHEZ	OQUELEO
	ARTURO E CLEMENTINA	ADELA TURÍN	KALANDRAKA
	EL JARDIN CURIOSO	PETER BROWN	TAKATUKA

3º	TITULO	AUTOR	EDITORIAL
	ALMANAQUE MUSICAL	ANTONIO RUBIO	KALANDRACA
	ROSEIRA DO TEU MENCER	XOSE Mº ALVAREZ	MERLÍN
	GORDIÑO RECHEO	FINA CASALDERREY	O BARCO DE VAPOR
	EL PAIS DE LOS CUENTOS	ANA ALONSO Y SR. SÁNCHEZ	ANAYA

4º	TITULO	AUTOR	EDITORIAL
	VERSOS DA TARDE LARANXA	ANA Mº FERNÁNDEZ	GALAXIA
	POEMAR O MAR	ANTONIO GARCIA TEJEIRO	XERAIS

	CORAZÓN DE PEDRA	AGUSTIN FERNANDEZ PAZ	OXFORD
	EL COLOR DE LA ARENA	ELENA O'CALLAGHAN	EDELVIVES
	DON QUIJOTE	MIGUEL DE CERVANTES (ADAPTACIÓN)	

5º	TITULO	AUTOR	EDITORIAL
	POEMAS BIROLLOS PARA LER COS OLLOS	FRAN ALONSO	XERAI
	O BAÚL DE DOMINGOS QUINTAS	XOAN BABARRO	HÉRCULES
	SMARA	P.CARBALLEIRA	KALANDRAKA
	LA MARAVILLOSA MEDICINA DE JORGE	RONALD DALH	ALFAGUARA
	PALABRAS DE CAMELO	GONZALO MOURE	ANAYA

6º	TITULO	AUTOR	EDITORIAL
	O MEU GATO É UN POETA	FRAN ALONSO	XERAI
	GALICIA, O PAIS DAS MARAVILLAS	CLAIDIA CASTRO	GALAXIA
	UN MISTERIO NA MOCHILA DE ALBA	FINA CASALDERREY	OXFORD
	MATILDA	ROALD DALH	ALFAGUARA
	¿APARTATE DE MISSISSIPI!	CORNELIA FUNKE	SIRUELA

E. Formación de alumnado axudante

Cada ano durante o 1º mes do curso escolar se levará a cabo a formación de voluntariado axudante entre o alumnado de 6º de E. Primaria. Este alumnado será o encargado de colaborar na organización da biblioteca e do espazo BIBLIOXOGOS.

F. Clubes de lectura

Creación de Clubes de lectura entre o alumnado de 6º de E. Primaria. A escolla de libros para os clubes terá en conta o nivel lector do alumnado pero tamén a temática, seleccionando textos que traballen valores de Igualdade e Inclusión.

G. Dinamización do patio

Dende o curso pasado 2018-2019, a biblioteca foi o eixo fundamental na creación dun proxecto sobre patios dinámicos e inclusivos, que mellorou considerablemente a convivencia do centro e o cal esperamos teña continuidade nos vindeiros anos. As actividades de dinamización teñen lugar 1 día á semana e a súa xestión está a cargo do alumnado axudante coa supervisión do profesorado do equipo de biblioteca.

H. Educación documental

Engloba tódalas actividades que buscan a capacitación do alumnado para un uso crítico das diversas fontes informativas:

- Formación de usuarios da biblioteca. Formando alumnado axudante tanto na xestión como organización da biblioteca.
- Fontes informativas en distintos soportes: que son e como usalas.
- Internet. Uso correcto e saubable das redes sociais.

I. Ambientes lectores

Trátase de crear no centro un clima que favoreza o achegamento aos libros e á lectura, onde se poña en valor esta actividade:

- Facer visible a biblioteca escolar e outros recursos como o blogue da biblioteca, que está continuamente actualizado, mostrando todas as actividades realizadas.

- Facilitar a presenza da lectura e dos libros na práctica cotiá .
- Programar actividades para toda a comunidade escolar. Con motivo das celebracións que se levan a cabo no centro ao longo do ano, como son Magosto; Samaín; Antroido, Nadal, así como outras datas relevantes dentro do calendario escolar como o día do Dereitos Humanos, Día da Infancia, Día escolar da Paz, Día do Medio Ambiente, etc, ..ou calquer outro que se considere importante para a convivencia do centro, trátarase de crear no centro un clima que favoreza o achegamento aos libros e á lectura.
- Realizar actividades relacionadas coas temáticas propostas pola rede de bibliotecas escolares.
- Visita de escritores ou ilustradores relacionado con un libro traballado.
- Realizar actividades que fomenten a participación das familias dentro do ámbito escolar en xeral e da biblioteca en particular.
- Facer recomendacións as familias sobre libros de calidades adecuados ás diferentes idades, a través de envío periódicos de boletíns informativos.

J. Ampliación de fondos

Participación de toda a comunidade educativa á hora de ampliar fondos para a biblioteca, tanto ofrecendo recursos como con suxerencias sobre temáticas e soportes variados. Para levar a cabo isto é moi interesante realizar algunha enquisa, tanto entre alumnado e familias como entre profesorado.

Toda nova adquisición de novos fondos debe cumprir co requisito de Igualdade e Inclusión.

K. Biblioteca de aula

Dentro de cada aula, establecerase un rincón de biblioteca de aula, entendendo estas como **seccións** da biblioteca do centro, servindo de apoio ao Proxecto lector, e como recurso inmediato para actividades a realizar dentro da Hora de Ler.

L. Hora de ler

Esta actividade lévase a cabo no centro, para E.Primaria E.Infantil, dende fai varios anos, empregando 20 minutos diarios á lectura, despois do recreo de 12:30 a 12:50. O profesorado que levará a cabo esa actividade é o profesorado que cubre o horario a esa hora independentemente da área que sexa.

As actividades concretas a realizar nese momento serán as establecidas anualmente coa organización, temporalización e metodoloxía escollida polo profesorado titor.

Como exemplo poderíamos nomear as seguintes:

- Lectura silenciosa, tanto de libros da biblioteca de aula, como favoritos do alumnado que eles aporten;
- lecturas variadas pero con temáticas concretas;
- lectura de xornais e revistas;
- lectura en voz alta;
- lectura común dun libro entre todos e actividades e posta en común sobre os mesmos, etc.,

Podéndose organizar cada unha das actividades propostas un día da semana. O profesorado titor será o encargado da organización destas actividades.

M. Mochilas viaxeiras

Como anos anteriores realizarase esta actividade (2 mochilas por aula) para a cal se seleccionan anualmente diferentes libros para que o alumnado os leve para a casa e os comparta coa familia. Non solo se inclúen libros adecuados á idade do alumnado, senón tamén noutros formatos dixitais (películas, documentais en dvd, etc) así como libros para pais que podan axudarlles na crianza e educación dos seus fillos e fillas.

Completar a visita das mochilas nas casas facendo un “carde viaxeiro” animando ás familias a anotar suxestións e impresións sobre o contido da mochila. Estas mochilas están en constante renovación segundo as preferencias dos usuarios.

N. . Visita a outras bibliotecas

Temos consolidada a visita guiada á biblioteca Pública de Pontevedra, como actividade que fomenta o uso das bibliotecas públicas como recurso de ocio ao longo das súas vidas, e de toda a familia, para consolidar o hábito lector.

5. AVALIACIÓN

Consideramos de suma importancia realizar unha avaliación do propio proxecto lector de centro en tódolos ámbitos.

Por un lado o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan, pero tamén outros aspectos organizativos e de funcionamento das actuacións propostas. De tal modo dentro de cada Plan anual se incluírá un cuestionario de valoración para que a comunidade educativa poda valorar aspectos positivos e mellorables do Proxecto lector de centro e da concreción anual do mesmo.

Tamén é interesante levar a cabo unha avaliación sobre a lectura:

- Avaliar o uso de textos escritos ou outro soporte: os hábitos de lectura, o uso dos recursos culturais, etc...
- Avaliar o proceso lector: tanto na percepción do texto, como no grao de comprensión do mesmo, e as habilidades para controlar o proceso de comprensión.
- Valorar a mellora da competencia lingüística do alumnado dos diferentes niveis

Para o cal podemos usar diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: observación e rexistro de datos como diarios de lectura; cuestionarios; análise do traballo de aula; ou outro tipo de probas, como resumes, explicacións orais, etc.

Ao final de cada ano realizaránse propostas de mellora para o vindeiro curso, que irán incluídas na memoria final do centro.